

SAN MARTIÑO DE BARCIA DE MERA


SÉCULOS XVII-XVIII

IGREXA PARROQUIAL

Entre 1616 e 1642 xurde en Barcia de Mera o fenómeno indiano, evidenciándose un crecente auxe na vida parroquial. Como expoñente dese progreso económico, nado da emigración a América, asistimos ao fomento e prosperidade das confrarías, as doazóns de obxectos litúrxicos e a inquietude pola mellora e conservación da igrexa. Tal actividade move aos veciños a explanar a meseta onde hoxe se asenta o templo, cerrar con muros o adro e poñerlle cancelas.

Os traballos de reconstrución da nova igrexa comezaron o ano 1676, sendo Abade, Don Antonio Pérez Rivera, e desenvolvéronse en dúas etapas sucesivas e coa intervención de distintos obradoiros. Entre 1690 e 1733 toma o relevo o Dr. Don Alberto Bello Barreyro, que exerceu o cargo de Abade durante 43 anos. El foi o verdadeiro motor e principal contribuínte aos grandes gastos das obras.

A igrexa é de grandes dimensións, realizada na súa totalidade con muro dobre de cantería de granito fino colocada a óso. A planta é de cruz latina, co presbiterio moi longo, case da mesma lonxitude que a nave, do mesmo largo que ela, pero de moita maior altura, dimensión que destaca sobre todo nas perspectivas exteriores do templo. Tanto o presbiterio, iniciado a finais do século XVII, como a nave, cruceiro e portada realizados a mediados do s. XVIII, son obra de autores anónimos, aínda que, desde logo, da escola ou inspirados na obra do arquitecto Casas Novoa, sobre todo no referente á fachada do Obradoiro da catedral de Santiago.



Cúpula nervada do presbiterio

Detalle do sol e a lúa tallado nunha das claves da nave

Unha igrexa de película

A principios da década de 1980 esta igrexa foi elixida polo director de cine Jaime de Armiñán para rodar unha escena da película "La hora bruja" (1985), protagonizada por Concha Velasco, Francisco Rabal, Victoria Abril. A rodaxe, que tivo lugar en distintas localizacións da bisbarra do Condado, realizouse tamén no alto do campanario da igrexa de San Martiño, onde Victoria Abril e Paco Rabal protagonizaron unha escena namoradeira.

Notas históricas

O historiador Ávila y la Cueva sinala que no século XIII "ya era conocida esta parroquia con el nombre de Barciademera. Venera por patrono tutelar a San Martín, cuya fiesta le hacen en su día propio, 11 de noviembre. Su población la es de 260 vecinos que corresponden por lo contencioso a la justicia de la Cañiza, y por lo político y gubernativo á la de Cobelo. Valen sus diezmos 33.500 reales, que insolidum lleva el párroco: el que tiene casa rectoral de las mejores del obispado, cuya hizo desde los cimientos cerca de mediados del siglo 18, el doctor D. Alberto Barreyro y Bello. (...) También disfruta de iglesario, que está regulado su produto anual libre de cultivo en 398 reales. La fábrica de la iglesia no percive renta ni posee cosa alguna. Paga á la Dignidad episcopal de Tuy 65 sueldos leoneses, 1 libra de cera, 90 maravedís viejos. Este beneficio es de presentación Real y Ordinaria en la actualidad pero (...) en la visita que le hizo en su iglesia en 5 de octubre de 1566, se dice que entonces era de patronato y provisión del Monasterio de Melón".

